

Sociedade Galega de Terminoloxía. — A finais do 2004 creouse a Sociedade Galega de Terminoloxía (SGaT) pola vontade de profesionais e persoas interesadas no eido da terminoloxía para uniren esforzos na promoción e difusión da terminoloxía en Galicia.

O 8 de xuño do 2005 a SGaT fixo a súa presentación pública en Santiago de Compostela cunha conferencia a cargo de Teresa Cabré Castellví co título *Xestión terminolóxica das linguas minorizadas. Presentación xeral e algúns apuntamentos sobre o galego*. O acto celebrouse na sede do Consello da Cultura Galega, que participou na organización da conferenencia inaugural da SGaT.

Información puntual das actividades desta Sociedade pode verse en www.terminoloxia.org.
[F. F. R.]